

Número 13 - Ano 2023

ACTA

da sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

20 de novembro de 2023

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás oito horas e catro minutos do día vinte de novembro de dous mil vinte e tres; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1432730074714221755.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-11-2023

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 15 de novembro de 2023 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/135 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 254/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ASUNCIÓN DE COMPROMISOS DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS, COMPENSACIÓN DE PREXUIZOS E COORDINACIÓN DAS OBRAS EN EXECUCIÓN RELACIONADAS COA INICIATIVA CHAMADA CORAZÓN VERDE ENTRE MURALLAS, ASÍ COMO DE INFORMACIÓN PÚBLICA E SUFICIENTE Á CIDADANÍA DE ASUNTOS RELACIONADOS COAS MESMAS E DE AFECCIÓN E INTERESE PARA OS CIDADÁNS (Exp.2023/G004/000987).

Aberto o acto, a presidenta, **LARA MÉNDEZ LÓPEZ**, sinala: Moi bos días a todos e a todas. Imos iniciar este pleno extraordinario, solicitado polo grupo municipal do Partido Popular.

Antes de iniciar, comentar que estamos en proceso de renovación de todo o que é o servizo de megafonía e gravación para garantir o perfecto funcionamento dos plenos, que estaba financiado tamén, como ben sabedes, con fondos europeos e contábase con todo este mes para a súa implementación e así poder garantir a celebración plenaria ordinaria.

Non contabamos con este pleno extraordinario, así que en primeiro lugar quero agradecer a TIC o grande traballo que vén realizando estes días para poder celebrar a sesión plenaria e garantir a vocación pública que ten o pleno, así como o sistema tamén de gravación do mesmo para despois a súa redacción de actas. Así que moitísimas grazas a todos os traballadores da TIC, que levan días traballando e mirando a posibilidade para poder celebrar este pleno extraordinario.

Seguidamente éntrase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, o seguinte ACORDO:

1/135 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 254/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ASUNCIÓN DE COMPROMISOS DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS, COMPENSACIÓN DE PREXUIZOS E COORDINACIÓN DAS OBRAS EN EXECUCIÓN RELACIONADAS COA INICIATIVA CHAMADA “CORAZÓN VERDE ENTRE MURALLAS”, ASÍ COMO DE INFORMACIÓN PÚBLICA E SUFICIENTE Á CIDADANÍA DE ASUNTOS RELACIONADOS COAS MESMAS E DE AFECCIÓN E INTERESE PARA OS CIDADÁNS (Exp.2023/G004/000987).- Vista a citada proposición, presentada para o seu debate e aprobación -se procede- en sesión de carácter extraordinario do pleno da Corporación Municipal, cuxa convocatoria foi solicitada polo referido grupo municipal o pasado día 7 de novembro de 2023, que é

do seguinte teor:

“O Grupo Municipal do Partido Popular recoñeceu, e valorou positivamente, a consecución de fondos europeos, que o Concello de Lugo podería empregar en actuacións que procuraren melloras na contorna urbana, na calidade de vida e desenvolvemento económico dos seus habitantes.

A finalidade que o Goberno Municipal escolleu para estes proxectos, e consecuentes fondos, foi o de reconstrución do chan dunha grande porcentaxe da superficie urbana intramurallas, coa renovación dalgunhas infraestruturas hidráulicas, eléctricas e/ou de comunicacións, a maiores de iluminación e moblaxe, intervindo na superficie e masa arbórea verde xa existente.

O goberno municipal votou en contra da proposición presentada a pleno polo grupo municipal do PP, o xoves 27 de setembro de 2023, para poder participar e aportar colaboración nunha mesa aberta para a revisión e mellora dos proxectos de execución.

O alongamento e dificultades existentes na xestión das obras ven da mao dun notable desconcerto e prexuízo para habitantes e visitantes do casco histórico. Non existe información suficiente, ou non é clara, sobre os axustes necesarios para o tráfico rodado, os mecanismos de prevención e, no seu caso, compensación dos prexuízos na actividade económica e o pequeno comercio, sobre a previsión para xestionar a simultaneidade das intervencións coas necesidades e usos dos veciños, ou sobre as posibilidades, presentes e futuras, de seguir a recibir clientes, usuarios e visitantes extramurallas.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Asumir, por parte do GOBERNO MUNICIPAL, un COMPROMISO DE:

- POÑER A DISPOSICIÓN TODOS OS RECURSOS PRECISOS PARA QUE AS OBRAS REMATEN NO TEMPO COMPROMETIDO e de ser estes incumpridos que se estuden as COMPENSACIÓNS DOS DANOS E PREXUÍZOS causados á actividade económica e residentes.
- Constituír de forma urxente unha MESA DE COORDINACIÓN DAS OBRAS, composta por representantes das empresas, persoal municipal que lidere a coordinación e liderado político para a consecución do obxectivo.
- INFORMACIÓN PÚBLICA E suficiente, ata o remate das obras, de:
- As MODIFICACIÓNS, anunciadas pola alcaldía, que serán SOMETIDAS a participación popular, sobre os proxectos redactados e obras contratadas.
- Os axustes temporais e permanentes no TRÁFICO RODADO, cunha SINALIZACIÓN eficaz e actualizada ás mesmas.
- AVALIACIÓN dos DANOS PRODUCIDOS nas infraestruturas existentes, as REPARACIÓNS a acometer e os custos previstos.
- As fórmulas de ESTACIONAMENTOS ALTERNATIVOS provisionais e definitivos para compensar á desaparicións das existentes
- As previsións sobre a futura a xestión do TRÁFICO PEONIL e RODADO intramurallas.”

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1432730074714221755.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-11-2023

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 do Grupos Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois comezamos co tempo establecido. Polo grupo propoñente. Cinco minutos. Vai falar o señor Cabarcos, cinco minutos...

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Vale. Pois señoras e señores, membros da corporación. Tiña pensado para hoxe outro comezo distinto para a intervención, pero onte vin esta... (ensina un papel) ... casualmente coincidente propaganda na prensa local, que anuncia avances nunha nova modalidade e incorpora tres imaxes, que vostedes verán que non se corresponden coa realidade actual dos espazos que representan. E unha imaxe dun plan de mobilidade que, a parte de estar esquecido, non permitiría que existisen as outras tres imaxes.

Entón, paréceme un bo xeito de escenificar a contraditoria cultura do urbanismo e a mobilidade do goberno municipal, que semella ser bastante insubstancial de eternas infografías e de esquecemento do prioritario.

Dito isto, exporía á cidadanía, porque para vostedes non será preciso, porque xa saberán todo o que vou dicir.

Varias cuestións. A primeira é unha cuestión de concepto sobre unha suposta inevitabilidade de obrar, que non existe. Este é un rogo para os concelleiros, para os técnicos e para os medios para que non se empregue o termo obras de peonalización, porque unha peonalización é un proceso de xestión da mobilidade encamiñado a reducir e, eliminar non é posible, xa o sabemos, o tráfico rodado.

O que se está a facer é unha renovación do pavimento, con eliminación de beirarrúas, por suposto. Unha renovación de infraestruturas, este si, aspecto salientable, e unha intervención na vexetación, iluminación e moblaxe.

A xestión da mobilidade, como todo o que é difícil, como todo o que é xestión, aínda non existe.

O importante está pendente de decisións extemporáneas, como extemporánea é esa xa célebre proba de carga, da que semella depender todo o futuro da acción de goberno de Lugo.

A segunda é unha cuestión de oportunidades sobre unha suposta obriga legal que non existe, dun xeito equivocado, non sei se enganoso, vinculouse publicamente estas obras coa lei 7/2021, que obriga á existencia dunha zona mal chamada de baixa emisión, con restricións de acceso, circulación e estacionamento.

Parece ser que Lugo xa cumpría con estes requisitos, que ben xestionados podían ser unha oportunidade para o recinto intramurallas, sen que implicase ningún intre esta catarse de repavimentacións.

A terceira é unha cuestión de custo, sobre unha suposta case gratuidade das obras que non existe. O total das aportacións das administracións europeas para os tres programas é de 4.430.502 euros.

Iso é o 90% do custo inicialmente estimado, que era de seis millóns de euros.

O total das aportacións das administracións locais no punto no que nos encontramos agora para os tres proxectos está xa en 4.231.425,54 euros. Ese é o 10% do custo inicialmente estimado, máis o incremento, unha vez proxectado e licitado, incluído o IVE e técnicos.

Pero se consideramos como custo auxiliar as repavimentacións das rúas Nova, Quiroga Ballesteros e Reina, os xa seguros modificados, xa anunciados, dos proxectos e as perdas das actividades económicas, subiremos dos 5 millóns de euros con moi pouca dificultade.

Estes 5 millóns de euros serán de alomenos de tres lugares, de promesas orzamentarias de 2022 ou 23, que nunca pasaran diso, de promesas, de crédito xa comprometidos no ano 2024. E dun posible incremento da presión fiscal da Facenda local.

A cuarta é unha cuestión de rendibilidade sobre unha suposta xestión do tráfico que non existe. En vez de investir na xestión da actividade intramurallas e a súa relación coa cidade traballouse nun compulsivo exterminio de beirarrúas, comezando a casa polo tellado.

A única relación... de momento é a desaparición da flexibilidade de itinerarios de tráfico rodado, especialmente o pesado, teremos problemas, así como un moi posible fallo de resistencia e durabilidade. Só temos que ver Quiroga Ballesteros.

No eido sudeste, o tráfico rodado menor accede polas portas Miña, Santiago, Aguirre, Campo Castelo e San Pedro. Serve para a distribución da hostalería e comercio e residencial público e privado bastante menor.

No eido suroeste, no que están agora a intervir, hai tráfico rodado moito maior, que accede por tres portas: estación, San Fernando e Odoario. Serve para a distribución da alimentación, Praza de Abastos e Gadis, importantes, o maior eido de hostalería e de comercio, de educación e sanidade, de residencial público e privado. Todos os aparcadoiros públicos e privados. Fronte a esta complexa actuación transformaron unha necesidade de xestión nunha obra de pavimentación. Isto é o contrario da ecoloxía e a sostibilidade. Verbas que soan moi ocas, pero que non se caen do seu recetario.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1432730074714221755.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-11-2023

Aquí entra unha cuestión de secuenciación sobre unha suposta planificación que non existe. A reiteradamente negada, pero absolutamente innegable, falla de escoita previa, tivo pronta resposta popular que obrigou ao goberno e recoñecer erros e asumir un improvisado proceso de revisión extemporánea, xa iniciadas as obras, onde había unha vía de tráfico rodado, xa non vai. Onde se aparecía unha arboreda, xa non se intervén, onde había unha parada de bus non se sabe o que vai ir.

Mudan sobre a marcha criterios de intervención, itinerarios de tráfico, partidas de obra e prazos de execución. Destas irreflexións previas e contradicións actuais xorden problemas coas contratas e o descontrol existente.

Neste momento xa se asume, pero non se di, que haberá incumprimento de prazos, cunha prórroga de nada menos que un ano. Co que esta múltiple e desimultánea desorganizada intervención traerá maiores prexuízos.

Polo tanto, o grupo municipal do PP ve imprescindible, urxente e necesario que o goberno municipal asuma os compromisos recollidos na proposición presentada.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz municipal, a concelleira Paula Alvarellos. Cinco minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias. Bos días a todos e a todas. O primeiro que lle teño que dicir, señor Cabarcos, é que os fondos europeos, os NextGeneration, son para establecer as tornas de baixas emisións, non para peonalizar. Peonalizar é unha consecuencia de intentar conseguir zonas de baixas emisións, que parece que sempre se confunden con isto. Iso é o primeiro, e o segundo é que parece que non quere que se peonalice. Polo menos que non peonalicen outros. Pero diso xa falaremos. Pero unha vez conseguidos estes fondos NextGeneration para peonalizar a totalidade do noso casco histórico, activamos mecanismos para escoitar á veciñanza e atender as súas demandas.

Porque sempre fomos moi conscientes dos trastornos que ían producir estas obras, especialmente os residentes e todas aquelas persoas que traballan na zona centro. Pois trátase de tres obras de grande calado, como vostede dixo. Son tres obras de grande calado, que se executan todas ao mesmo tempo, xa que así nolo esixen os prazos europeos.

Pero ademais, os inconvenientes normais de toda obra, estas obras teñen unha complexidade maior, por varias razóns.

Primeiro, supoñen tamén, fronte ao que vostede dicía, non só é repavimentar... Supoñen tamén unha renovación total de servizos, como abastecementos, como a fibra, o gas... Polo tanto, é unha obra de moitísimo máis calado. Trabállase tamén, emprázase nas rúas nas que se poden atopar achados arqueolóxicos, que hai que controlar e estudar, como se está a facer.

E tamén porque temos un casco histórico, que é un casco histórico vivo, con moitos servizos. Centros médicos, educativos, dependencias administrativas, etcétera. Ademais de comercios, por suposto, e a hostalería, polo que hai que coordinar plans para que poidan manterse os accesos a estas dependencias, e non debemos

olvidar tamén outro dos problemas que se plantexou, que foron as choivas continuadas, que impedían que queden ben asentados os materiais durante este mes.

Falan vostedes de falta de información á cidadanía. Como xa lle dixen, puxemos en marcha dende un principio, unha serie de mecanismos para escoitar aos veciños. Así, a nosa alcaldesa reúnese coa veciñanza de maneira periódica, e vostede sábeo.

E ao mesmo tempo mantemos abertas canles constantes de interlocución desde a alcaldía coas empresas e tamén cos propios veciños, e, por suposto, cos técnicos municipais.

Por certo, quero darlle as grazas á plataforma de veciños que se creou, a primeira que hai no centro histórico, polo seu ton colaborativo e por aportarnos constantemente e de maneira directa, suxerencias e necesidades, que quero plantexar unhas cantas, as cales xa estamos atendendo ou xa atendimos.

Mellorar as sinalizacións nas obras e circuítos de tráfico, actuar tamén nas rúas máis danadas, porque é certo que hai dúas rúas que se danaron, como consecuencia do cambio dos circuítos, como é a rúa Nova e a rúa San Marcos, ao non estar preparadas para asumir ese elevado tránsito que están soportando.

Estando facendo modificacións puntuais e, cando acaben as obras, farase un estudio para acometer as reparacións que sexan necesarias, por suposto.

Tamén revisar os pasos de peóns, ademais de acordar con eles determinados compromisos como foi manter a Fonte de San Fernando ou a revisión da parte axardinada de Santo Domingo.

Tamén destas actuacións acordadas con eles é un dispositivo de control policial, xa que se detectou, como así tamén nolo trasladaron os veciños, os incumprimentos de moitos vehículos que entran sen estar permitido o seu acceso.

A día de hoxe, como saberán, reforzouse a presenza da Policía Local na zona e seguirá intensificándose, sobre todo para a campaña navideña, que temos moi próxima.

Insistimos, sabemos que son obras molestas, e por iso tamén tomamos a iniciativa e adoptamos medidas consensuadas con outros sectores, como por exemplo o educativo, polo que puxemos tamén un autobús a disposición do alumnado de menor idade para evitar así que circulasen coches de pais e nais.

Por certo, un dos dous centros educativos solicitou para 35 persoas, para 35 menores, e a día de hoxe está utilizando un só. Polo tanto, tamén responsabilidade por parte de todos.

Intentamos, como dixen, dar resposta sempre que estea da nosa man, por suposto, e sempre que veñan apoiadas polos informes técnicos. Pois como deberían saber, todas estas intervencións están suxeitas a unha intervención e a unha fiscalización férrea por parte de Europa, para evitar precisamente penalizacións.

Piden tamén a creación dunha mesa de coordinación. Esta mesa existe xa. Distinto é que vostedes non formen parte dela, pero a mesa existe xa desde o inicio das obras.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1432730074714221755.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-11-2023

Estamos moi encima das empresas en coordinación constante. Estamos a traballar sempre con elas, e incluso a alcaldesa recentemente trasladoulle toda a problemática dun posible retraso nas obras.

Créanme que adoptaremos todas as medidas sancionadoras que sexan pertinentes para evitar estes retrasos.

No seu momento, se non son xustificadas, non se poderán establecer.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Acabou o seu tempo. Moitas grazas. Iniciamos entón a segunda quenda, tres minutos, señor Cabarcos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Vale. Respóndolle rapidamente. Non me escoitou algunha das cousas que dixen porque unha das cousas que trataba de dicir é que para peonalizar, que tamén o dixo vostede, chega cun sinal de tráfico, que non costa 5 millóns de euros.

O proceso de peonalización é un proxecto de xestión. Non é de muda do chan. Non fai falla. Con respecto ao que falou vostede de renovación integral das infraestruturas, pois o que me dá que pensar é que nin vai ás obras nin fala coa xente, porque Lugo ten todo un sistema de saneamento moi complexo, que non se pode renovar integramente.

Hai cousas que non se van poder renovar. Se quere indícolle despois cales. Sobre o proceso de escoita, si que é certo, o que pasa é que é un proceso de escoita selectiva, efectivamente. Hai moitas outras entidades ás que lles gustaría participar nisto e que terían cousas que aportar, pero non se está facendo así. Estase facendo de xeito selectivo. Parece que semella orgullosa de que nós non poidamos estar aí cando tamén poderíamos aportar cousas positivas, pero parece que está contenta de que non esteamos.

Voulle dicir por que é necesario dispoñer de todos os recursos precisos, materiais e humanos, como dicimos na nosa proposición, para que as obras rematen en tempo, porque residentes, profesionais, comerciantes e distribuidores están a sufrir prexuízos derivados das obras, que veñen asumindo de xeito case estoico, e que non teñen por que seguir a soportar.

Deberían saber vostedes que na referida repavimentación da que falei do eido sudoeste do casco histórico durante a alcaldía de Xoaquín García Díez, unha intervención menos complexa da que acometeron agora, organizáronse tres quendas de traballo continuas de 24 horas coa única condición de eliminar o ruído durante as noites e xestionouse de xeito bastante menos molesto para o vecindario. É necesario dispoñer de compensacións fronte aos prexuízos causados no caso de que estes prazos sexan incumpridos, porque a actividade económica e a vida cotiá dos residentes sufrirá danos económicos cuantificables e porque a campaña de comercio do Nadal é un problema especialmente relevante.

E é necesario constituír e abrir a máis participantes esa mesa de coordinación das obras que vostede di que xa existe, porque a coordinación semella de ser nivel amateur.

Existen reformas de cuarto de baño máis pensadas e traballadas que isto.

E a sinaléctica que se está colocar é absolutamente deficiente e a sensación inicial de que non hai ninguén ao mando é unha certeza.

É necesaria información sobre as modificacións, porque as fases lóxicas do desenvolvemento dunha intervención deste tipo están absolutamente desorganizadas, xa o saben. Non se escoita agora, escóitase antes. E o goberno votou en contra dunha mesa de revisión conxunta na que poderamos participar nós, co cal anúnciase agora unha extemporánea escoita sen prever repercusións en tempos e custos, que os haberá.

Sobre os asuntos do tráfico rodado e as sinalizacións supoño que non temos por que explicar que ten que mellorar. E é necesario tamén información sobre os danos producidos nas infraestruturas existentes e reparacións, porque a cidadanía ten dereito de saber que os custos das obras serán moito maior do que vostedes dixeron e, como lle digo, superará, case con seguridade, os 5 millóns de euros aportados polo Concello e pola administración local.

E iso vano saber se non o saben agora.

Por que é necesaria máis información? Porque desaparecen prazas de aparcamento que eliminan servizos e posibilidades e non se dan alternativas.

E por que é necesaria información? Porque o tráfico peonil e rodado intramurallas tampouco tería que explicar por que temos que ter información sobre iso, pero é porque o futuro do centro vai quedar limitado polas obras efectuadas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para a portavoz municipal. Tres minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Mire, cando lle dixen que xamais existía que vostedes non estaban nela, é por unha razón moi clara. Cando iniciamos as obras, vostedes, señores do PP, xa anunciaran a fin do mundo. O colapso, o caos para esta zona, a hecatombe. Pero o tempo da e quita razóns, e non sucedeu. Pero estabamos en campaña electoral, como estamos agora.

Ademais as obras, que xa coñecen vostedes, pero obvian unha vez máis toda a complexidade que teñen. Ou polo menos tratan de obvia-la. Tratan de convencer á xente que non é así.

Vostedes o que buscan é réditos políticos. Polo tanto, a mesa existe, estamos en coordinación constante e, por exemplo, parece que tampouco me escoitou. Todos os circuitos, toda a sinalización, é unha das cousas que nos pediron aos veciños. Estamos conformes. Estamos a cambiala precisamente. É dicir, non son vostedes.

Vostedes tratan de vir aquí, facer ruído e, voulle poñer máis exemplos. É a trama perfecta que sempre vostedes tratan de facer.

Primeiro meter moitísimo ruído. Isto non é así. Vou falar, por exemplo, do Caudal Fest, o Arde Lucus ou 5%, pero a trama é sempre a mesma.

Primeiro poñer zancadillas por tódolos sitios e despois anuncialo como propio.

Eu si que puiden facer o Caudal Fest. Eu si que grazas a min, o 5%... Esa é a trama perfecta que vostedes fan, mire, nós imos mirar para adiante. Nós queremos mirar

en positivo. A peonalización do casco histórico é unha oportunidade moi boa para esta cidade.

Polo tanto, nós imos seguir traballando nela, man a man cos veciños que temos, como lle dicía, que agradecerlle unha vez máis á súa colaboración.

As súas aportacións si que son boas, as súas aportacións si que valen. Non como vostedes, que estamos todo día no periódico vendo cousas que xa se fixeron, como todo o que piden na súa proposición.

Todo o que piden xa se está facendo. Nós en coordinación cos técnicos, coa empresa e coas aportacións directas e moi valiosas dos veciños. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda. Un minuto para o grupo propoñente.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Moi ben, vouna aproveitar para recordar as cuestións que centraron esta proposición e os compromisos que solicitamos.

Non se trata de obras de peonalización. Iso non existe, senón tan só de obras de exterminio de beirarrúas.

Non existe a obriga legal de obrar para ter unha zona de baixas emisións. O custo destas obras está moi lonxe da case gratuidade que se ten vendido e, de feito, superará os cinco millóns de euros para os lucenses. As obras executadas non teñen vocación de permanencia e eliminan flexibilidade, resistencia e durabilidade.

Foi a falla de planificación o que provocou esta revisión extemporánea e o descontrol actual.

Chegados a este punto solicitamos que o goberno municipal asuma o compromiso de dispoñer de todos os recursos para que as obras rematen en tempo.

De non ser así, que dispoñan compensacións fronte aos prexuízos causados. De que constitúan unha mesa de coordinación nas obras, na que estean non só vostedes, é unha das voces que poden xurdir en Lugo, senón dun xeito moito máis plural.

Informar publicamente sobre modificacións, axustes do tráfico, avaliacións dos danos producidos, estacionamentos alternativos e futuro do tráfico peonil no centro rodado, que realmente é o máis importante de todo isto con moita diferenza.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, Moitas grazas. Vostedes, como grupo municipal, evidentemente teñen moitas formas de aportar. Teñen instrumentos que lle outorga a propia lexislación, a propia lei. É dicir, como poden aportar calquera iniciativa, cuestión, que se leve a cabo. Ao largo de todo este tempo, poucas preguntas ou poucas propostas trouxeron a este pleno, con intención de facer propostas en positivo, porque o que se está poñendo de manifesto é que vostedes terían outro proxecto para o casco histórico, que é lícito, é lexítimo. A cidadanía escolleu darlle continuidade ao noso proxecto, a segunda grande transformación da cidade, recentemente, polo tanto é o que estamos a facer.

E vostedes, como digo, teñen moitas máis opcións. E limítanse a vir, a explicar o que fixeron cando estaban gobernando no século pasado.

Ese é o seu modelo de cidade, as obras que se fixeron xa no século pasado cando tiveron, pois a potestade de gobernar a última vez.

E polo tanto crin que ía aproveitar este pleno do Partido Popular para facer algunha proposta en positivo, para facer algunha aportación.

E o único que vimos de escoitar é que se incrementa a aportación municipal. Iso non sei se é un problema ou non. É dicir, hai un mínimo que temos que aportar. Pero se temos que aportar máis, para modernizar, renaturalizar, humanizar o casco histórico, porque así se contempla no anteproxecto e proxecto que é o que levamos feito ata o de agora.

Que, por certo, hai modificacións e hai cambios na hora de execución? Si, porque tamén así o recollían os pregos.

É que os estudos de carga condicionaban ao mellor algún xa tipo de modificación. Máis aló desta escoita activa que estamos tendo coa veciñanza, que nos trasladan as súas inquedanzas e dentro das posibilidades que poidamos ter.

Imos intentar incorporalas, como é o que están pedindo, que é a fonte da Praza de San Fernando, que quede na mesma ubicación. Nós faremos o modificado, porque temos que facer un modificado do proxecto, trasladaremos cos informes favorables do municipio á Comisión de Patrimonio, e se hai o OK por todas as partes, farase e atenderase esa petición.

E como iso, por poñen un exemplo, moitísimas máis. Esas modificacións pois poden xerar algún tipo de inconveniente? Pois posiblemente.

Sabemos que son obras complexas, sabemos que estamos efectuando tres proxectos simultáneos, que era unha imposición dos fitos de Europa e, polo tanto, así o asumiamos, así llo trasladamos e sabemos que son obras incómodas.

Recentemente falaba cunha amiga que me estaba comentando que estaba facendo unha obra na casa para cambiar unha bañeira por un prato de ducha. O que ía levar unha semana, levoulle case tres meses. O que era algo moi sinxelo, pois resulta que había moito máis... Unha vez extraída a infraestrutura ou a bañeira, pois moito máis escollo que sacar e moita máis complicación do que a priori se prevía. Dunha semana a tres meses. Dun cambio de bañeira a un prato de ducha.

Imaxínese vostede as obras de tres proxectos simultáneos no casco histórico. Pois, home, estamos dentro do que eu creo que é lóxico e razoable. De feito, pois así o corrobora Europa, porque nos acaban de ampliar o prazo que nós solicitamos, a nós, como Concello, non ás empresas adxudicatarias. A nós como Concello. Que nós o que queremos, evidentemente, é acabar canto antes, pero o que queremos é que as obras queden ben e non teñamos que estar despois enriba desas obras como nos está pasando no grupo La Paz, por exemplo, que tivemos que rescindir contrato cunha empresa, polas complicidades que tiña e a falta de rigor da propia empresa. E, polo tanto, temos máis que demostrado que se temos que usar as penalizacións que veñen recollidas nos pregos, utilizaranse.

Que se temos que dicirlle ás empresas, ata aquí. Farase. Primeiramente porque é vontade do goberno. E segundo, que é máis importante, porque os propios técnicos

municipais así o fan, porque son rigorosos no seu traballo e no cumprimento das súas obrigas que teñen en todas e cada unha das actuacións que realizan, mínima que sexa. Non se preocupe que temos un grande cadro de técnicos municipais, que fan rigorosamente o seu traballo. Que se perden prazas de aparcamento nunha peonalización? Non, estou reflexionando, porque me costa entender esa afirmación, non? Pérdense prazas de aparcamento nunha peonalización. No século pasado tamén. Nesas obras que facían referencia vostedes do século pasado tamén se perderon prazas de aparcamento. É que non son compatibles as zonas peonís con prazas de aparcamento.

Pero é que precisamente o que estamos é a mudar ese modelo de cidade e o que estamos a mudar é esa transformación, e sendo conscientes diso, por iso estamos intentando traballar para habilitar novas zonas de aparcamento nas inmediacións do casco histórico, como pode ser na súa zona na Praza do Carme detrás da capela, como pode ser o seminario que puxemos a disposición, como pode ser esa colaboración que temos coa Deputación no Fogar de Santa María ou como podería ser aquela que estamos solicitando reiteradamente, pleno tras pleno, cada vez que sae este tema, é que a Xunta poña disposición os que ten na Ronda, que están moi preto da Porta falsa, que, por certo, se abrirá tamén en breve, con todas as garantías e seguridade, unha vez que se finalice o bypass que está realizando alí, e, polo tanto, daría moitísimo servizo tamén ao casco histórico.

Aproveito e reitero, unha vez máis, que a Xunta se comprometa a mirar esa posible solución para tamén dispoñer de máis zonas de aparcamento nas inmediacións do casco histórico, porque isto de esixir, pedir, pero cando teñen responsabilidades, mirar para outro lado, parece que os veciños de Lugo non teñen a posibilidade ou dereito de que a Xunta tamén mire para eles e se comprometa, igual que o están facendo outras administracións, como neste caso a Deputación Provincial, ou nós como xa temos demostrado en reiteradas ocasións.

Evidentemente, poderíamos peonalizar o casco histórico, poñendo un sinal e dous bolardos, pero non é o noso modelo de cidade. Nós buscamos outra, outro modelo de cidade. Por certo, co beneplácito da Xunta de Galicia, porque polas circunstancias e pola situación onde está, temos que solicitar ese permiso á Xunta de Galicia e moitas cousas, a través da súa Comisión de Patrimonio, e moitas cousas vanse adaptando aos propios criterios, incluso o tipo de solo, que xa comentamos noutra ocasión.

Pero ten o OK do Concello, da Xunta, pero tamén o ten dos propios fondos europeos, que fomos merecedores, e créame de verdade que son tremendamente esixentes para a consecución dos fondos europeos, dos fondos de recuperación, dos que veñen a través do goberno central, e que fagamos máis aportación municipal, pois, evidentemente, cando nós solicitamos ou había uns prezos de mercado. A día de hoxe son outros, son cuestións que nos están pasando en todos e cada un dos proxectos, que non lle pasa só a Lugo. Tamén lle conto, non sei se é novidade, pero isto pasa na Coruña, en Santiago, en Vigo, en Madrid, en Barcelona, en Sevilla, en París, Múnic, Viena... de forma xeneralizada en todo o mundo, porque a inflación non a estamos sufrindo nin vivindo só en Lugo. E hai dúas opcións, ou renunciar aos fondos, que non o imos facer nós. Este Concello

non renuncia a fondos. Este Concello executa o 100% dos fondos, e así o faremos con este e con outros moitos, porque entendemos que esa execución dos fondos é unha... Son proxectos que despois redundan no mellor do cidadán e no día a día.

Recentemente estaba en Quirón Salud e comenteilles e trasladeilles pois ese molestar das obras. Resposta unánime de todos: "Si, pero vai quedar moitísimo mellor. A verdade é que este é un grande proxecto e tedes un casco histórico, ou temos, porque dicía un de fóra, e os que dentro tamén. Teñen vostedes un casco histórico impresionante. E a verdade é que vai mellorar, e moito, a cidade".

E con iso nos quedamos, máis aló do encordio das obras, que si, máis aló de ter esas escoita activa coa veciñanza que seguiremos tendo, máis aló de que todo é susceptible de verse doutra maneira, evidentemente, lexítimo, de ter proxectos alternativos. E máis aló de que, é certo, agora mesmo hai un tránsito e tamén con sobrecarga noutras moitas outras zonas, que se repararán, que son as consecuencias destas obras.

Repararanse como é na rúa Nova ou na Praza San Marcos, que se ten previsto e vanse agora facendo reparacións puntuais e transitorias tamén, ata que teñamos todas as obras finalizadas, que tamén se terán en conta esas actuacións. E imos iniciar, xa llo digo tamén, esta mesma semana, con máis controis policiais, como me comprometéin a facelo cos veciños e veciñas para que poidan facer uso destas zonas, a quen lle corresponden neste momento, que son residentes e persoal de traballo de distribución, evidentemente, e os que asisten aos distintos parques que hai no casco histórico, que, como ben saben, estamos a falar de catro zonas de aparcamento no noso casco histórico, e, polo tanto, que garantir ese acceso ao mesmo que tamén dá servizo e cobertura para seguir dinamizando o barrio do Casco histórico, que o seguiremos a facer, unha vez tamén finalizadas as obras, que xa se está prevendo e falando cos veciños e veciñas, para despois se dinamizar, como o estamos a facer no resto dos dous barrios.

Pero, como lle digo, son unhas boas obras para a cidade. Tivemos a capacidade de captar fondos europeos para este fin. Son esixentes eses fitos que veñen impostos desde Europa.

O feito de que non desen esa prórroga dun ano, significa que estamos cumprindo e que ademais xustificamos, como xa lle explicou a concelleira e non vou incidir, na dificultade xa da propia configuración do casco histórico, por Patrimonio, por Arqueoloxía, por servizos de moitos anos que hai que renovar, pola situación climatolóxica, que evidentemente, de momento non podemos incidir moito máis, pois máis aló desas cuestións, seguiremos a traballar e cumpriremos cos fitos e executaremos o 100% dos fondos europeos e así nolo recoñecerán para seguir captando e buscando máis fondos para a cidade.

Así que, posto de manifesto que o que solicita o Partido Popular xa se está a facer, e ademais se corroborou en todas e cada unha das cuestións que veñen e que solicitan neste pleno extraordinario, pois imos proceder á súa votación.

(PRODÚCESE A VOTACIÓN)

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1432730074714221755.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 20-11-2023

Reiterar novamente o agradecemento a TIC por poder celebrar este pleno, así como tamén ao propio servizo municipal de informática, que estivo traballando ao seu carón para que hoxe puidésemos celebrar este pleno con todas as garantías, así que sen máis finalizamos a sesión plenaria.

Moi bo día todos e todas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as oito horas e trinta e oito minutos do expresado día vinte de novembro de dous mil vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.